

**A CÁMARA DE COMERCIO DE SANTIAGO
RESTRINXE A SERVIZOS MÍNIMOS A ATENCIÓN PRESENCIAL AO PÚBLICO COMO
MEDIDA DE PREVENCIÓN E CONTENCIÓN FRONTE AO CORONAVIRUS COVID-19**

Ante o disposto no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e como medida de prevención e contención fronte ao avance do coronavirus, a Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de Santiago de Compostela, acordou, en cumprimento das recomendacións das autoridades sanitarias, restrinxir a servizos mínimos a atención presencial ao público nas súas instalación sitas en:

SEDE PRINCIPAL

Polígono de Costa Vella
C/ República Checa nº 40
15707 Santiago de Compostela

Por tanto, atenderase de forma presencial ás empresas e cidadáns que precisen facer uso, **únicamente**, dos seguintes servizos:

- Expedición de certificados de orixe e demais documentación necesaria para a exportación.
- Rexistro.
- Recollida de correspondencia e paquetería.
- Acceso e recollida de documentación das empresas aloxadas no Viveiro de Empresas, as cales deberán prohibir as visitas dos seus clientes e provedores.

A atención presencial realizarase en horario excepcional de **9.00 a 14.00 horas**, permanecendo pechada a sede da Cámara fóra dese horario.

Nembargantes, fora do horario e supostos descritos nos que se prestará atención presencial, o persoal da Cámara de Comercio de Santiago nun acto de responsabilidade coa comunidade e coas empresas, seguirá prestando os **servizos de información** ás empresas e cidadáns de **xeito telemático** no enderezo electrónico que se detalla a continuación: informacion@camaracompostela.com

Todas as consultas recibidas serán remitidas ao Dpto. correspondente e respostadas á maior brevidade.

Unha vez máis, agradecemos a súa confianza e comprensión ante esta situación excepcional que estamos a atravesar, e manterémoslles informados de calquera feito relevante ou cambio que pode acontecer.